

SERVIZO DE INFORMÁTICA

ERB/erb

Refº: TechSpecsRentingImpresion09.doc

Asunto: Prego de Prescripcións Técnicas Renting Impresoras

**PREGO DE PRESCRICIÓN S TÉCNICAS PARA A CONTRATACIÓN
DO ALUGAMENTO, MANTEMENTO, SUBMINISTRO DE
CONSUMIBLES E REPARACIÓN DOS SISTEMAS DE IMPRESIÓN DO
CONCELLO DE LUGO.**

1. OBXECTO

O obxecto do presente Prego de Prescripcións Técnicas é o establecemento dos requisitos funcionais e técnicos mínimos ós que deberán axustar as propostas as empresas interesadas en concorrer á licitación para o alugamento e mantemento dos Sistemas de Impresión do Concello de Lugo.

O obxecto do presente concurso, por tanto, é efectuar por procedemento aberto, a contratación do subministro de equipamento de impresión para os diferentes departamentos do Concello de Lugo.

2. ALCANCE DO PROXECTO

A situación actual da infraestrutura informática dos equipos de impresión do Concello de Lugo responde á adquisición non planificada de impresoras, plotters, faxes, etc. que se levou a cabo neste Concello dende hai anos, dun xeito totalmente “reactivo” ás carencias ocasionais de equipos de impresión.

O concello de Lugo dispón de **183** equipos de impresión de distintas tecnoloxías, antigüidades e características (ver Anexo I), a maioría coa garantía rematada e totalmente amortizados, cun valor patrimonial nulo, polo que a súa obsolescencia é grande (algún é anterior ó ano 2000). Considérase imprescindible proceder á súa substitución por equipos novos. Nestes 183 equipos non se inclúen equipos multifunción grandes (copiadoras), faxes e plotters, polo que non estarán afectados polo presente concurso.

Deberá ser unha renovación global, un proxecto de xestión da impresión por medio dun sistema de aluguer e de prezo por páxina impresa (PPP), que integre tanto o subministro do equipamento de impresión, coas características

SERVIZO DE INFORMÁTICA

ERB/erb

Refº: TechSpecsRentingImpresion09.doc

Asunto: Prego de Prescripcións Técnicas Renting Impresoras

técnicas axeitadas a cada departamento ou posto en concreto, como o subministro de consumibles e o mantemento de toda a infraestrutura de impresión durante o período de vixencia do contrato.

O subministro de impresión estará baseado nun **prezo de aluguer mensual (48 mensualidades iguais) e un prezo por páxina impresa**, discriminando os custos nas impresións feitas en **branco e negro** e as que se efectúen **en cor**. O importe do custo das páxinas impresas regularizarase dúas veces ó ano. A última mensualidade do alugamento corresponderá ó valor residual do equipamento, permitindo ó Concello de Lugo exercer a opción de compra dos equipos. O número de impresións totais en tódolos equipos que integran, neste momento, a infraestrutura de impresión tomada como base para o proxecto, ascende a **127.500 páxinas mensuais en B/N**, non existindo estatísticas das efectuadas en cor, áínda que se estima unha previsión de **6.000 páxinas en cor mensuais** a imprimir.

As impresoras e demais elementos que componen o sistema de impresión municipal actual, relaciónnanse coa súa ubicación no Anexo I do presente prego. A esta relación hai que engadir equipos que hai que instalar a maiores, relacionados no Anexo II.

Trátase de dispoñer dun parque de impresoras e outro equipamento de impresión actualizado e en constante renovación, polo que o contrato cubrirá o alugamento (subministro, configuración e instalación) dos equipos que se detallan máis adiante, onde se recollen as características técnicas dos mesmos; así como o mantemento e asistencia integral, incluíndo a subministración de consumibles, xestión de garantías, substitución e reparación de compoñentes e pezas, etc, da totalidade dos novos elementos de impresión do Concello de Lugo. O Servizo de Informática do Concello poderá excluír da substitución os equipos que non se considere urxente renovalos, alomenos durante o comezo do contrato.

2.1. DURACIÓN DO CONTRATO

O contrato terá unha duración de **4 anos**, a contar a partires da subministración do primeiro equipo e do comezo do servizo de mantemento.

SERVIZO DE INFORMÁTICA

ERB/erb

Refº: TechSpecsRentingImpresion09.doc

Asunto: Prego de Prescripcións Técnicas Renting Impresoras

3. EQUIPAMENTO E SERVIZOS OBXECTO DO CONTRATO

3.1. TIPOLOXÍAS DEFINIDAS E ASPECTOS IMPORTANTES DA SOLUCIÓN

O proxecto de Xestión de Impresión estará baseado en 6 tipos de máquinas:

Tipo 1. Impresoras de rede Grupos de traballo B/N.

Tipo 2. Impresoras de rede Grupos de traballo Cor.

Tipo 3. Impresoras de rede multifuncionais para oficinas periféricas Cor.

Tipo 4. Impresoras de rede para portelo B/N.

Tipo 5. Impresoras de rede pequenas para despachos, impresión confidencial ou cunha función non contemplada nas outras.

Tipo 6. Impresoras de rede multifuncionais pequenas B/N

Estímase o número de máquinas a substituír e instalar:

| Retirar | Tipo 1 | Tipo 2 | Tipo 3 | Tipo 4 (*) | Tipo 5 | Tipo 6 |
|---------|--------|--------|--------|------------|--------|------------------------|
| 46 | 50 | 4 | 7 | 39 | 21 | 16 |
| | | | | | | Substituir (**): |
| | | | | | | 137 |
| | | | | | | Total(Subst.+Retirar): |
| | | | | | | 183 |

| Apéndice II | Tipo 1 | Tipo 2 | Tipo 3 | Tipo 4 (*) | Tipo 5 | Tipo 6 |
|-------------|--------|--------|--------|------------|--------|----------------|
| | 1 | 0 | 6 | 2 | 0 | 7 |
| | | | | | | Instalar: |
| | | | | | | 16 |
| | | | | | | TOTAL A NOVAS: |
| | | | | | | 153 |

(*) 17 das tipo 4 terán
2 Gabetas de alim. de
papel

(**) Haberá que
engadir as do Apéndice
II

Aspectos da solución:

A solución basearse na optimización e renovación dos sistemas de impresión máquina a máquina, agás das que decida o Servizo de Informática do Concello, que non se substituirán.

SERVIZO DE INFORMÁTICA

ERB/erb

Refº: TechSpecsRentingImpresion09.doc

Asunto: Prego de Prescripcións Técnicas Renting Impresoras

Será unha solución de **alugamento e de custo por páxina** para todo o parque definido. No custo por páxina discriminarse se a impresión é en B/N ou a cor. Fixarase un custo total do alugamento (a distribuír en 48 cotas mensuais iguais). A última mensualidade do alugamento corresponderá ó valor residual do equipamento, permitindo ó Concello de Lugo exercer a opción de compra dos equipos. Fixarase ademais un prezo de custo por páxina para páginas a cor e outro para páginas en B/N, considerando que o importe máximo do contrato corresponderá ó prezo do alugamento dos equipos (mensualidades) máis o número de copias estimado por este Servizo (**127.500 mensuais en B/N e 6.000 páxinas en cor mensuais**) ó prezo de copia máximo que se fixe.

O licitador deberá aportar na súa oferta a seguinte información:

- **Custo total do alugamento do equipamento nos catro anos (as 48 cotas)**
- **Custo por páxina B/N**
- **Custo por páxina en cor**

O prezo máximo total do aluguer do equipamento é de 200.000€

O prezo máximo da páxina impresa en B/N é de 0,016€.

O prezo máximo da páxina impresa a cor é de 0,088€

O prezo máximo total do contrato estímase en 323.264€, tendo en conta as copias mensuais totais estimadas.

A duración da prestación do material e dos servizos será de 4 anos.

Os servizos identificados que proporcionará a empresa adxudicataria serán:

- Retirada do material obsoleto e traslado ó punto de reciclaxe que corresponda.
- Instalación e configuración dos equipos cun ritmo mínimo de 5 diarias.
- Formación ó persoal do Servizo de Informática e ós usuarios finais do Concello.

SERVIZO DE INFORMÁTICA

ERB/erb

Refº: TechSpecsRentingImpresion09.doc

Asunto: Prego de Prescripcións Técnicas Renting Impresoras

- Mantemento dun inventario que inclúa tanto os equipos retirados como os incorporados, coas características completas dos mesmos, segundo defina o Servizo de Informática do Concello.
- Xestión completa das garantías do material durante a duración do contrato.
- Mantemento in-situ de todo o parque de equipos de impresión obxecto deste contrato.
- Xestión de incidencias, cun circuito establecido, tempos de atención e resolución de incidencias, casos de substitución do material, segundo acordo co Concello.
- Xestión centralizada do uso do parque de impresoras e elementos de impresión.
- Xestión automatizada de consumibles.
- Retirada dos consumibles usados.
- Mantemento preventivo do parque existente.
- Facturas e informes mensuais desglosados por máquina, número de copias e usuario, isto último só no caso de implantar usuarios vía LDAP (Active Directory).
- Seguimento e control do proxecto mensuals.

A oferta contemplará o custo de futuras ampliacións do parque debido a:

- Incremento do número de impresoras e outros elementos de impresión, de conformidade cos tipos definidos polo licitador.
- Substitución de equipos ofertados por outros de superior categoría, sempre de acordo coas propostas que a tal efecto se efectúen polo Servizo de Informática ou por parte da empresa provedora, en base á adaptación do posto de impresión ó número de impresións reais.

Con carácter xeral, os sistemas ofertados deberán ser conformes coa normativa vixente española e da Unión Europea no referente ós aspectos de calidade, ergonómicos, medioambientais, aforro enerxético, compatibilidade electromagnética, redución da radiación emitida, seguridade, etc.

En particular, os sistemas ofertados deberán cumplir os seguintes puntos:

- Disposicións de obrigado cumprimento: cando os produtos están suxeitos a cumprimento de requisitos esenciais establecidos en Directivas europeas ou noutras disposicións de obrigado cumprimento, como

SERVIZO DE INFORMÁTICA

ERB/erb

Refº: TechSpecsRentingImpresion09.doc

Asunto: Prego de Prescripcións Técnicas Renting Impresoras

Regulamentos comunitarios ou nacionais, o subministrador será responsable do cumprimento dos mesmos.

- Seguridade xeral dos produtos: neste caso, axustaranse á directiva 2001/95/CE relativa á seguridade xeral dos produtos (R.D.1801/2003, de 26 de decembro, sobre seguridade xeral dos produtos. BOE de 10 de xaneiro de 2.004).

3.2 EQUIPAMENTO

Nas ofertas presentadas identifíquense claramente qué características se inclúen e qué outras se enumeran como opcionais, simplemente coa fin de amosa-las posibilidades dos produtos e servizos ofertados.

O Concello poderá requisitar cantas probas estime oportuno para verificar que as devanditas características se cumpren, e que os equipos se integran perfectamente no sistema informático existente. Tamén poderá solicitar ós licitadores unha mostra do equipamento ofertado para a súa avaliación, e comprobar que se cumpren os requisitos operacionais mínimos esixidos.

Na oferta deberan indicar os custos e prezos sempre incluíndo o IVE.

3.2.1 CARÁCTERISTICAS TÉCNICAS DOS EQUIPOS

Os equipos de impresión obxecto deste contrato, dividímoslos en 6 grupos principais, dependendo das características técnicas expresadas máis adiante neste prego:

Tipo 1. Impresoras de rede Grupos de traballo B/N.

Tipo 2. Impresoras de rede Grupos de traballo Cor.

Tipo 3. Impresoras de rede multifuncionais para oficinas periféricas Cor.

Tipo 4. Impresoras de rede para portelo B/N.

Tipo 5. Impresoras de rede pequenas para despachos, impresión confidencial ou cunha función non contemplada nas outras.

Tipo 6. Impresoras de rede multifuncionais pequenas B/N

SERVIZO DE INFORMÁTICA

ERB/erb

Refº: TechSpecsRentingImpresion09.doc

Asunto: Prego de Prescripcións Técnicas Renting Impresoras

Os equipos ofertados deberán ser máquinas de alta calidade construtiva, de marca recoñecida no mercado, cumprindo tódolos requisitos esixibles para o seu traballo na rede de datos do Concello de Lugo, unha rede local baseada en servidores Windows 2000/2003 Server e protocolos TCP/IP. As máquinas deberán estar certificadas para o traballo con **Citrix Metaframe XP** ou probado o seu correcto funcionamento co dito software.

O equipamento, de non ser provisto todo el ó comezo do contrato, será servido en cada momento de “última xeración”, correspondendo o prezo de mercado no momento da provisión ó ofertado no momento da licitación (dentro dunha marxe aceptable, acordada por ámbalas partes).

As máquinas deberán cumplir, así mesmo, coas características técnicas e prestacións sinaladas de seguido, admitíndose no seu defecto a oferta doutras similares, nunca inferiores, de acordo cos cambios tecnolóxicos que se producen constantemente no mercado e pola estratexia de producción dos fabricantes.

Tódolos sistemas de impresión deberán estar homologados para o uso de papel reciclado.

Describense de seguido os **aspectos técnicos mínimos**, que se tomarán coma base para a valoración, atendendo ó tipo de máquina ofertado e que poden ser mellorados nas ofertas. Non se consideran gabetas de alimentación as bandexas de “by-pass”.

3.2.1.1. Tipo 1. Impresoras de rede Grupos de traballo A4 B/N.

| | |
|-----------------------------------|--------------------|
| Tecnoloxía | Laser |
| Tamaño max. páxina | A4 |
| B/N - Cor | B/N |
| Resolución Real | 600x600 |
| Interfaz | Tarxeta Rede |
| Drivers | Compatibles Citrix |
| Velocidade | 43 ppm |
| Memoria | 64 MB |
| 1ª Copia | 8,5 seg. |
| Dúplex automático | Si |
| Número de Gabetas de Alimentación | 2 |

SERVIZO DE INFORMÁTICA

ERB/erb

Refº: TechSpecsRentingImpresion09.doc

Asunto: Prego de Prescripcións Técnicas Renting Impresoras

| | |
|------------------------------|------------|
| Tamaño Min. Alimentac. Papel | 500 Follas |
| Linguaxe | PCL |

3.2.1.2. Tipo 2. Impresoras de rede A4 Grupos de traballo Cor.

| | |
|-----------------------------------|----------------------------|
| Tecnoloxía | Laser |
| Tamaño max. páxina | A4 |
| B/N - Cor | Cor |
| Resolución Real | 600x600 |
| Interfaz | Tarxeta Rede |
| Drivers | Compatibles Citrix |
| Velocidade | 20 ppm (Cor) |
| Memoria | 64 MB |
| 1ª Copia | 14 seg. |
| Dúplex automático | Non |
| Número de Gabetas de Alimentación | 1 |
| Tamaño Min. Alimentac. Papel | 250 Follas |
| Linguaxe | PCL, Postscript (opcional) |

3.2.1.3. Tipo 3. Impresoras de rede A3 Multif. para oficinas periféricas Cor.

| | |
|-----------------------------------|----------------------------|
| Tecnoloxía | Laser |
| Tamaño max. páxina | A3 |
| B/N - Cor | Cor |
| Resolución Real | 600x600 |
| Interfaz | Tarxeta Rede |
| Drivers | Compatibles Citrix |
| Velocidade | 19 ppm (Cor) A4 |
| Memoria | 128 MB |
| 1ª Copia | 8,5 seg. (B/N) |
| Dúplex automático | Non |
| Número de Gabetas de Alimentación | 2 |
| Tamaño Min. Alimentac. Papel | 250 Follas |
| Linguaxe | PCL, Postscript (opcional) |
| Outras | Alimentador de orixinais, |

SERVIZO DE INFORMÁTICA

ERB/erb

Refº: TechSpecsRentingImpresion09.doc

Asunto: Prego de Prescripcións Técnicas Renting Impresoras

| | |
|--|---------------------------|
| | Scanner de rede, fotocop. |
|--|---------------------------|

3.2.1.4. Tipo 4. Impresoras de rede para portelo B/N.

| | |
|-----------------------------------|-----------------------|
| Tecnoloxía | Laser |
| B/N - Cor | B/N |
| Tamaño max. páxina | A4 |
| Resolución Real | 600x600 |
| Interfaz | Tarxeta Rede |
| Drivers | Compatibles Citrix |
| Velocidade | 21 ppm |
| Memoria | 32 MB |
| 1ª Copia | 8,5 seg. (moi rápida) |
| Dúplex automático | Si |
| Número de Gabetas de Alimentación | 1 ou 2 |
| Tamaño Min. Alimentac. Papel | 250 Follas |
| Linguaxe | PCL |

3.2.1.5. Tipo 5. Impresoras Cor de rede pequenas para despachos, impresión confidencial ou cunha función non contemplada nas outras.

| | |
|-----------------------------------|--------------------|
| Tecnoloxía | Laser |
| Tamaño max. páxina | A4 |
| B/N - Cor | Cor |
| Resolución Real | 600x600 |
| Interfaz | Tarxeta Rede |
| Drivers | Compatibles Citrix |
| Velocidade | 12/8 ppm |
| Memoria | 16 MB |
| 1ª Copia | 22 seg. |
| Dúplex automático | Non |
| Número de Gabetas de Alimentación | 1 |
| Tamaño Min. Alimentac. Papel | 150 Follas |

SERVIZO DE INFORMÁTICA

ERB/erb

Refº: TechSpecsRentingImpresion09.doc

Asunto: Prego de Prescripcións Técnicas Renting Impresoras

3.2.1.6. Tipo 6. Impresoras de rede A4 multifuncionais pequenas B/N

| | |
|-----------------------------------|--------------------------------------------------------|
| Tecnoloxía | Laser |
| Tamaño max. página | A4 |
| B/N - Cor | B/N |
| Resolución Real | 600x600 |
| Interfaz | Tarxeta Rede |
| Drivers | Compatibles Citrix |
| Velocidade | 16 ppm |
| Memoria | 32 MB |
| 1ª Copia | 10 seg. |
| Dúplex automático | Non |
| Número de Gabetas de Alimentación | 1 |
| Tamaño Min. Alimentac. Papel | 250 Follas |
| Linguaxe | PCL |
| Outras | Alimentador de orixinais, Scanner de rede, fotocop. |

3.3. SUBMINISTRO, CONFIGURACIÓN E INSTALACIÓN DOS EQUIPOS

O subministro, configuración e instalación do equipamento realizarase segundo un plan de instalación que deberá aprobar o Servizo de Informática do Concello. A subministración, configuración e instalación dos equipos inclúe:

- Transporte e emprazamento no lugar que indique o Servizo de Informática.
- Configuración básica, incluíndo a conexión á rede de datos do Concello cos parámetros definidos a tal efecto polo Servizo de Informática, instalación de drivers, etc.
- Realización das probas que defina o Servizo de Informática, que garantan o perfecto funcionamiento dos equipos en rede e en entorno Citrix.
- Realización das tarefas de configuración e optimización que se requiran para acadar un funcionamento óptimo no contorno informático existente.
- Etiquetado do equipo e inclusión no inventario.

SERVIZO DE INFORMÁTICA

ERB/erb

Refº: TechSpecsRentingImpresion09.doc

Asunto: Prego de Prescripcións Técnicas Renting Impresoras

Considerarase instalado e configurado o equipamento unha vez sexa revisado polos técnicos do Servizo de Informática do Concello, quedando documentado nun “modelo de recepción” cumprimentado polas partes. Este acto servirá para acreditar a data de comezo da garantía dos equipos instalados. A esa recepción deberá achegarse copia do albará de entrega, no que constará o número de serie dos equipos.

3.4. RENOVACIÓN TECNOLÓXICA E AMPLIACIÓN DO PARQUE

Os cambios tecnolóxicos que se producen constantemente no mercado e a estratexia de producción dos fabricantes implica un desfase tecnolóxico dos equipos moi acelerado. Este punto cobra especial relevancia xa que, de realizarse sucesivas entregas de material ó longo do período de vixencia do contrato, podería dar lugar á obsolescencia do novo equipamento. O adxudicatario deberá garantir na súa oferta que se servirán sempre equipos coa derradeira tecnoloxía de que se dispoña no momento de facer a subministración dos mesmos, que estará en consonancia co prezo de mercado por equipo.

Por outra banda, se durante a vixencia do contrato producíranse avances de carácter tecnolóxico, con respecto ós bens obxecto do presente contrato, mellorándooos para o seu uso, e o adxudicatario estivera en condicións de aportalos, haberá que facelo sempre que o requira o Concello de Lugo, distinguido dous casos:

- A innovación é susceptible de incorporarse coa adición dalgún elemento sen substituír o equipo completo. O adxudicatario indicará ó Concello a existencia de tal innovación, o prezo e o prazo para incorporala ós equipos. Se o Concello opta por instalalo, as características da innovación e o seu prezo (definido en cota de prezo/páxina) para o prazo de execución pendente do equipo que se innova, incorporarase ó contrato principal, rexendo para o mesmo todo o establecido no prego e no correspondente contrato, formando con este unha unidade so separable a instancias do órgano de contratación.

- A innovación tecnolóxica é de tal magnitud que sería necesario substituír o equipamento afectado por outro de características similares que incorporara, ademais, tales innovacións. O adxudicatario indicará ó Concello a existencia da

SERVIZO DE INFORMÁTICA

ERB/erb

Refº: TechSpecsRentingImpresion09.doc

Asunto: Prego de Prescripcións Técnicas Renting Impresoras

innovación, o prezo e o prazo para a substitución dos equipos. Se o Concello opta pola substitución, as características da innovación e o seu prezo (definido en cota de prezo/páxina) para o prazo de execución pendente do equipo que se innova, incorporarase ó contrato principal, rexendo para o mesmo todo o establecido no prego e no correspondente contrato, formando con este unha unidade so separable a instancias do órgano de contratación.

Así mesmo, ante a posible necesidade por parte do Concello dun incremento no número de impresoras, dun xeito que afecte ó numero de equipos total do parque do Concello, estes alugaránse nas mesmas condicións que os equipos obxecto deste contrato. O seu prezo (definido en cota de prezo/páxina) incorporarase ó contrato principal, rexendo para o mesmo todo o establecido no prego e no correspondente contrato, formando con este unha unidade so separable a instancias do órgano de contratación.

3.5 CONTROL DO PROXECTO E SERVIZOS.

O adxudicatario deberá prover ó Concello de Lugo dun servizo permanente de mantemento e xestión de incidencias do parque de impresoras novas. As condicións deste mantemento, que deberá cumplir o adxudicatario, descríbense de seguido.

Solucionarán tódalas incidencias, tanto do hardware coma dos drivers. Tamén manterá actualizado o nivel de enxeñería (microcódigo) dos elementos informáticos que o requiran para o seu funcionamento. Tódolos custos para levar a cabo as devanditas tarefas (man de obra, pezas, etc.) correrán a cargo do adxudicatario.

Manterá un inventario actualizado e completo de tódolos equipos, incluíndo a información que detallará no seu momento o Servizo de Informática do Concello, e que xa se está a empregar por este Servizo.

Ante posibles incidencias e anomalías reiteradas, a empresa adxudicataria substituirá equipos, dun xeito temporal ou permanente, alomenos ata a resolución definitiva do problema, por outros de características similares ou superiores. No caso de avarías, empregaranse sempre pezas orixinais nas reparacións. No caso de substitución permanente dun equipo, quedará nas mesmas condicións ca o equipo substituído.

SERVIZO DE INFORMÁTICA

ERB/erb

Refº: TechSpecsRentingImpresion09.doc

Asunto: Prego de Prescripcións Técnicas Renting Impresoras

No suposto de que un equipo resultara desaxenteado para a operativa do departamento ou servizo ó que estea afecto, sexa por razón do seu deterioro ou calquera outra causa debidamente xustificada polos usuarios do mesmo, deberá ser substituído por outro de similares características, no prazo máximo de 7 días hábiles.

A empresa adxudicataria facilitará ó persoal designado polo Servizo de Informática do Concello a información e documentación que este solicite, para dispoñer dun coñecemento completo das circunstancias nas que se desenvolven os traballos, así como dos eventuais problemas que se podan plantear e das tecnoloxías, métodos e ferramentas empregados para resolvélos.

Realizarán monitorización remota dos equipos, facendo ademais un mantemento preventivo dos mesmos.

O adxudicatario proverá ó Concello cun software para poder monitorizar tódolos equipos de impresión, sempre dentro das políticas de seguridade municipais. Impartirase un curso de formación sobre a dita aplicación ó Servizo de Informática do Concello. Na aplicación que se instale, poderase visualizar o estado dos consumibles (en tempo real), do mesmo xeito que o papel e o estado da impresora. Tamén permitirá facer configuracións e actualizacións de firmware múltiples, aínda que esta responsabilidade destas accións é da empresa adxudicataria.

Proverase dun sistema de xestión de incidencias, enlazado coa intranet municipal, para recibir, xestionar e informar das incidencias e da súa resolución en horario de oficina (08:00 a 15:00). A comunicación de incidencias será automatizada. Os equipos e/ou o sistema de xestión de incidencias enviarán alertas vía SMTP, que irán destinadas ó adxudicatario e ás contas de correo que defina o Servizo de Informática.

O SAU será por parte do adxudicatario, proporcionando tanto un teléfono de atención coma un servizo de mantemento vía web.

O tempo de resposta máximo (dende a notificación ata a resolución da avaría) das incidencias será dun día, segundo se indica de seguido, valorándose as ofertas que garantan tempos de resposta inferiores:

SERVIZO DE INFORMÁTICA

ERB/erb

Refº: TechSpecsRentingImpresion09.doc

Asunto: Prego de Prescripcións Técnicas Renting Impresoras

- Se o aviso é recibido pola mañá, e se a impresora é de atención ó público, o tempo de resolución será de 2 horas dende a comunicación da incidencia. O resto atenderase, como máximo, no transcurso da mañá do seguinte día laborable.
- No caso de que o aviso sexa recibido pola tarde, atenderase como máximo no transcurso da mañá do día seguinte laborable.

O xestor de incidencias permitirá ó Servizo de Informática do Concello monitorizar os tempos de resposta e resolución das mesmas.

Para a prestación de tódolos servizos, o licitador desprazará ó Concello os técnicos que considere oportuno en función da demanda que se produza, quedando tódalas horas de asistencia cubertas polo presente concurso. O servizo prestarase de luns a venres en horario de 08:00 a 15:00 (xestión de incidencias), e de 16:00 a 20:00 (por medio dun teléfono de notificación de incidencias e facendo desprazamentos en caso de necesidade).

O cambio dos consumibles o fará a empresa licitadora, agás que os usuarios o queiran fazer eles mesmos, previa formación. O aprovisionamento e cambio dos consumibles será proactivo, ó través da ferramenta de xestión, considerándose unha incidencia máis en canto a tempos de resposta e resolución.

Ó homoxeneizar todo o parque de impresión, poderase manter un pequeno stock de consumibles nas instalacións do Concello para casos de urxencia, que se irá repoñendo segundo o ritmo de consumo. A xestión do stock dos consumibles levaraa o provedor ó igual ca os envíos dos mesmos.

4. MATERIAL E DOCUMENTACIÓN

Unha vez asinado o contrato, a documentación que teña que ser presentada, tanto ó remate da instalación (partes de instalación, manuais das máquinas e do software de xestión de máquinas e incidencias, etc.) como durante a duración do contrato (informes de utilización das máquinas, de incidencias, volumes de impresión, etc), entregaráse no formato electrónico que o Concello determine.

SERVIZO DE INFORMÁTICA

ERB/erb

Refº: TechSpecsRentingImpresion09.doc

Asunto: Prego de Prescripcións Técnicas Renting Impresoras

5. CONDICIÓNNS XERAIS

O licitador deberá facer constar na súa oferta que coñece, acepta e se compromete a cumplir tódolos requisitos indicados no presente prego.

Cada licitador poderá ofertar **dúas opcións** como máximo, coas configuracións que considere oportunas. En tal caso, cada opción deberá ser indicada como opción **A e B**, e deberán estar en documentos independentes.

Os prezos da oferta deberán ser sempre co IVE incluído, estarán detallados por tipo de equipo.

5.1. GARANTÍAS E ASISTENCIA TÉCNICA

Tódolos equipos propostos deberán contar cunha garantía in-situ que cubra o período completo do contrato. Incluirá pezas, man de obra e desprazamento do persoal que faga as reparacións e a substitución de máquinas, se fora preciso.

Cumprirán tódalas garantías de fabricación e homologacións documentais da Unión Europea.

O mantemento dos equipos incluirá as roturas de pezas e tódolos danos que podan sufrir as impresoras e multifuncións durante a vixencia do contrato, coas mesmas garantías ca un **seguro a todo risco**.

A asistencia técnica acollerase a todo o exposto no apartado 3.5, incluíndo o servizo de notificación e xestión de incidencias.

Calquera intervención sobre os equipos terá que ser realizada por persoal debidamente certificado sobre o sistema que vai manexar e cunha alta solvencia técnica, que garanta as intervencións.

5.2. XESTIÓN DO PROXECTO

SERVIZO DE INFORMÁTICA

ERB/erb

Refº: TechSpecsRentingImpresion09.doc

Asunto: Prego de Prescripcións Técnicas Renting Impresoras

As ofertas incluirán unha proposta de xestión de todo o proxecto na que se especifique:

- Organización do proxecto na que se describan os órganos de xestión do mesmo
- Xestión de cambios e incidencias
- Descripción dos compromisos adquiridos polo ofertante e o Concello
- Proposta de control e seguimento do proxecto, con reunións para analizar e propor solucións ás posibles desviacións que se poidan producir respecto á planificación.

A empresa adxudicataria deberá pór a disposición do Concello a documentación escrita necesaria para o coñecemento do cumprimento do obxecto do contrato e de tódalas incidencias que poidan ocorrer.

O adxudicatario presentará un único interlocutor para o seguimento do proxecto ante o Concello.

5.3. REFERENCIAS E EQUIPO DE TRABALLO

As ofertas deberán incluír referencias do equipo de persoas que realizará os traballos.

As referencias do equipo de traballo que participará neste proxecto concreto, incluirán a seguinte información:

- Información sobre o persoal con coñecementos sobre o equipamento subministrado ou similar que dean soporte ó persoal directamente asignado ó proxecto.
- Número e cualificación das persoas asignadas ó proxecto.
- Perfil dentro do proxecto de cada persoa asignada.
- Formación académica de cada persoa asignada ó proxecto.
- Cualificación técnica de cada persoa asignada ó proxecto.
- Participación en proxectos similares, identificando aqueles realizados co equipamento ofertado ou similar.

SERVIZO DE INFORMÁTICA

ERB/erb

Refº: TechSpecsRentingImpresion09.doc

Asunto: Prego de Prescripcións Técnicas Renting Impresoras

5.4. PRESENTACIÓN TÉCNICA DAS OFERTAS

As ofertas incluirán toda a información sobre o subministro e servizos que sexa necesaria para a valoración das mesmas, segundo os criterios de avaliación especificados neste prego.

Ademais dos documentos requiridos explicitamente, coa oferta presentaranse tódolos que o ofertante considere oportunos para a perfecta definición do subministro e a súa instalación e posta a punto entendendo, en caso de non indicarse un determinado aspecto, que cumpren os requisitos mínimos establecidos no Prego e os estándares de mercado.

As ofertas diferenciarán claramente, e dun xeito inequívoco, as características mínimas de equipamento e servizos esixidas, e as que realmente se aportan como melloras, co gallo de facilitar o traballo de avaliación.

5.4.1 SOLVENCIA TÉCNICA

Esixirse a que figure no prego de cláusulas administrativas, sen prexuízo de que deba acreditarse o seguinte:

Para a acreditación da solvencia técnica, as empresas licitadoras deberán acreditar experiencia en proxectos similares sendo adxudicatario ou proveedor de servizos das características do presente prego por un importe superior ó 50.000 euros IVE incluído.

A forma de acreditar esta circunstancia será por medio de copia de contratos, informes de empresas contratantes, certificacions, etc... que en todo caso permitan comprobar o seu cumprimento.

5.5. PROTECCIÓN DE DATOS

Na prestación de tódolos servizos obxecto do presente concurso, e en especial no que se refire ó tratamento dos datos persoais que poda haber entre os datos facilitados pola Administración contratante, en calquera das fases de execución dos servizos contratados, o adxudicatario comprométese a cumplir estritamente o que dispón a Lei 230/1963, do 28 de decembro, do réxime xeral tributario, na súa redacción dada pola Lei 25/1995, do 20 de xullo; a Lei 1/1998, do 26 de febreiro, de dereitos e garantías dos contribuíntes, e a Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, pola que se regula a protección de datos de carácter persoal.

SERVIZO DE INFORMÁTICA

ERB/erb

Refº: TechSpecsRentingImpresion09.doc

Asunto: Prego de Prescripcións Técnicas Renting Impresoras

O adxudicatario comprométese a adopta-las medidas necesarias, tanto de carácter técnico como organizativas, que garantan a seguridade dos datos que lle sexan facilitados ou ós que teña acceso, coa fin de evita-la súa alteración, uso inadecuado, perda, tratamento e acceso non autorizado, visto o estado da tecnoloxía, a natureza dos datos e os riscos a que estes se atopan expostos, xa proveñan da acción humana, xa do medio fisico ou natural.

O adxudicatario comprométese a cumpli-lo establecido no documento de seguridade do Concello de Lugo.

O licitador comprométese a gardar sixilo e segredo profesional áinda despois de remata-la relación contractual co Concello de Lugo.

6. MELLORAS Ó PREGO

Tódalas melloras que se inclúan na oferta deberán estar nunha liña independente definida como “Melloras ás Prescripcións Básicas”. As ofertas deberán incluír unha **táboa comparativa, onde se reflectan as características mínimas esixidas e as que realmente aportan como melloras, para facilitar o traballo de avaliación.**

O licitador poderá achegar cantas melloras considere oportunas; entre outras, apúntanse as seguintes:

Equipamento:

- Equipos e compoñentes de marcas recoñecidas no mercado
- Melloras no número e características técnicas dos equipos: dúplex, número de gabetas, velocidades, memoria, capacidade das Gabetas, gramaxes de papel permitidos, tempo de primeira copia, tecnoloxía, etc.
- Robustez das máquinas, maiores volumes de copias que podan soportar ó mes (ciclo máximo).

Servizos provistos (xestión, monitorización, control e mantemento do parque):

- Incorporación dun centro de custo que permita monitorizar e controlar as copias por usuario (LDAP).
- Tempos de resposta das incidencias.
- Tempos de resolución nas reparacións e substitucións.
- Mantementos preventivos das maquinas.
